



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	A Recepción da Literatura		Código	613584113
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ledo Martínez, Jorge	Correo electrónico	j.ledo@udc.es	
Profesorado	Ledo Martínez, Jorge	Correo electrónico	j.ledo@udc.es	
Web	coruna.academia.edu/JorgeLedo			
Descrición xeral	Este curso céntrase nun duplo proceso de recepción. Por unha banda, o das fontes clásicas e tardoantigas nos textos programáticos do humanismo renacentista italiano; por outro, a influencia destes manifestos italianos nos textos programáticos do humanismo castelán.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer as principais corrientes teóricas que teñen integrado e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes. Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma. Desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais. Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos. Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos. Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICs, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural. Analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación. Manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais. Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM1 AM2 AM7 AM9 AP1 AI1 AI3	BM3 BP1 BP3 BP4 BP5 BP7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción. A literatura programática como xénero literario dentro da cultura do Renacemento	
2. As orixes da cultura do manifesto literario e do manifesto como literatura	2.1. Francesco Petrarca, orixe dun novo tipo de intelectual 2.2. Giovanni Boccaccio e a reflexión sobre a poesía pagá 2.3. Leonardo Bruni. Florencia como fetiche do humanismo renacentista: Unha nova xeografía intelectual europea



3. A cultura do manifesto chega á súa madurez. A expansión cara aos dominios da ficción, do trivium e da filosofía «sistemática»	<p>3.1. Leon Battista Alberti. Ficción e humor como instrumentos filosóficos.</p> <p>3.2. Lorenzo Vala. A cimentación do humanismo renacentista. A gramática e a latinidade como alicerces na construción dunha nova cultura.</p> <p>3.3. O retorno de Platón a Europa. A reconfiguración filosófica do poder da poesía. A intelectualización dun novo ideal amoroso</p> <p>3.4. Pico della Mirandola. A dignidade do home como motivo central dentro da cultura dos humanistas italianos. Contraposición ao modelo medieval da miseria do home, precedentes cuatrocentistas e triunfo posterior.</p> <p>3.5. Juan Luís Vives, Ensinar a través da ficción. Representar a verdade de forma indirecta.</p>
4. A recepción en segundo grao. O humanismo na cultura española	
5. Discusión e listaxe de temas posibles de traballo	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B7 B8 C2 C3 C7 C5	10	0	10
Lecturas	A1 A2 A7 A9 B6 B10 B3 C1 C2 C4 C6	0	10	10
Obradoiro	A1 A2 A7 A10 A9 B4 B6 B7 B8 B3 C2 C4 C5	2	9	11
Estudo de casos	A1 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6	2	9	11
Actividades iniciais	A2 A12 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C5 C6	1	0	1
Traballos tutelados	A1 A2 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C7 C6	0	31	31
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor presentará contidos teórico-criticos pertinentes da materia obxecto de estudo.
Lecturas	O alumno preparará diversas lecturas asignadas polo profesor.
Obradoiro	Mediante a combinación de diversas metodoloxías (discusión dirixida, debate, exercicios, etc.) o alumno levará a cabo distintas actividades sobor diferentes aspectos do programa baixo a supervisión do profesor.
Estudo de casos	Debate sobre aspectos de creación, mediación e edición literaria relacionados coas lecturas obrigatorias.
Actividades iniciais	Identificación dos coñecementos previos do alumno relacionados coa materia obxecto de estudio, así como os seus intereses, motivación... Preténdese obter información para artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa.
Traballos tutelados	Os alumnos desenvolverán un traballo, previamente consensuado co profesor, sobre calquer aspecto relacionado coa materia obxecto de estudio nesta asignatura.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Durante a primeira sesión do curso, consultarase cos alumnos cal é o horario de titorías máis cómodo para eles, e o docente adaptase á súa elección. Os alumnos sempre poden fixar unha cita a través do correo electrónico do docente j.ledo[at]udc.es ou vía Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6	Se valorará a orixinalidade na correlación textual (consideración hermenéutica do texto) e contextual (histórico-social:recepción crítica, bibliografía específica, canon, etc.).	20
Obradoiro	A1 A2 A7 A10 A9 B4 B6 B7 B8 B3 C2 C4 C5	Se valorará a comprensión e capacidade crítica do alumno mediante Presentacións breves individuais, consensuadas co profesor, sobre temas pertinentes ás lecturas de: a) as obras literarias obrigatorias; e b) as lecturas bibliográficas indicadas polo profesor.	20
Traballos tutelados	A1 A2 A14 A7 A10 A9 A12 B4 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C7 C6	Se valorará a capacidade de investigación literaria do alumno en función do análise crítico do tema obxecto de estudo, o razoamento ordenado da exposición, as referencias pertinentes á bibliografía e o uso correcto do idioma castelá. Data de entrega: último día de clase.	60

Observacións avaliación



1. Observacións xerais

1.1. Tanto as actividades como as probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal??; no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas. (V. Criterios de corrección de traballos).

1.2. As presentacións orais realizaranse ao longo do curso. A partir da terceira/cuarta sesión.

1.3. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades se estas foren realizadas fóra de prazo sen causa xustificada.

Alén diso, se se detectar plaxio, este levará consigo un 0,0 inapelable.

1.4. O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade poderá recuperala total ou parcialmente na segunda oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante). En caso de se producir plaxio, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).

2. Cualificación final na segunda oportunidade (xullo)

2.1. Os estudantes que suspenderen a presentación oral deberán facer outra proba do mesmo tipo na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da facultade para a segunda oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 20% da cualificación final e será preciso obter 5 puntos sobre 10 para aprobar.

2.2. Os estudantes que suspenderen as actividades programadas (que se corresponden co apartado "Obradoiro") deberán realizar outras actividades substitutivas que se lles encomendaren e que constituirán o 20% da cualificación final. Para este efecto, o profesorado da materia fará públicas, xunto coas cualificacións da primeira oportunidade, as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega etc.).

3. Cualificación de non presentado/a

3.1. Se o alumno non presentase o seu ensaio final, nin fíxese a súa presentación, recibirá unha cualificación.

4. Alumnado a tempo parcial con dispensa académica

4.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

4.2. No caso de que algún estudante teña calquera dificultade para cumprir no calendario previsto coas actividades avaliábeis exixidas (e non se lle teña concedido a dispensa académica), deberá dirixirse á docente, coa maior antecedencia posíbel, para fixar en conxunto datas alternativas.

* Nota Bene: Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar co profesor antes do mes de novembro.

Atención á diversidade

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade

(<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía: pat.filoloxia@udc.gal.



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Alonso de Cartagena (2018). La génesis del humanismo cívico en Castilla: Alfonso de Cartagena (1385?1456), ed. de Tomás González Rolán, Antonio López Fonseca y José Manuel Ruiz Vila. Madrid: Escolar y Mayo - Juan de Lucena (2014). Diálogo sobre la vida feliz. Epístola exhortatoria a las letras, ed. Jerónimo Miguel. Madrid: RAE - Elio Antonio de Nebrija (2011). Gramática sobre la lengua castellana. Paginae Nebrissenses, eds. Carmen Lozano y Felipe González Vega. Madrid - Barcelona: RAE - Galaxia Gutenberg - Elio Antonio de Nebrija (2014). Apología, ed. y trad. B. Macías Rosendo y P. Martín Baños. Huelva: Universidad de Huelva - Fernán Pérez de Oliva (2010). «Diálogo de la dignidad del hombre», ed. M. L. Cerrón Puga, en Diálogos españoles del Renacimiento, coord. A. Vian, pp. 417-475. Granada, Almuzara - Juan Maldonado (1980). Paraenesis ad litteras, ed. y trad. J. Alcina, est. introd. E. Asensio. Madrid: Fundación Universitaria Española - Cristóbal de Villalón (2010). «Ingeniosa comparación entre lo antiguo y lo presente», ed.. A. Vian, en Diálogos españoles del Renacimiento, coord. A. Vian, pp. 311?399. Granada: Almuzara - Baltasar de Céspedes (2018). Discurso de las letras humanas, llamado «El humanista», ed. Mercedes Comella. Madrid: RAE - CECE - Alonso de Freylas (1603). Discurso si los melancólicos pueden saber lo que está por veni. http://bit.ly/2lz8s98 - Diego de Saavedra Fajardo (2006). República literaria, ed. J. García López. Barcelona: Crítica <p>Os alumnos non teñen que mercar ningún libro para este curso. Todos os materiais necesarios ?programación das sesións, bibliografía secundaria, fontes primarias? atópanse no dossier que pode adquirirse en reprografía. En todo caso, inclúese aquí a listaxe por se os estudantes quixesen facerse cunha copia antes de empezar as sesións. O resto de información necesaria ou complementaria ?ligazóns, fontes complementarias, recursos dixitais, etc.? pode atoparse no moodle da materia, que se actualiza de maneira continua durante o curso, polo que se recomenda que os alumnos fagan uso del.Os textos do dossier 2 (textos casteláns) subiranse ao moodle da materia. En todo caso, inclúese aquí a listaxe por se os estudantes quixesen facerse cunha copia antes de empezar as sesións. A función desas edicións, salvo que se indique o contrario, é informativa; se algún alumno quere facer un traballo sobre algunha desas obras, indicaráselle cal é a edición ou edicións críticas a ter en conta.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Copenhaver, Brian P. y Charles B. Schmitt (1992). A History of Western Philosophy. 3. Renaissance Philosophy. Oxford: Oxford University Press - Kristeller, Paul Oskar (1988). Humanism. The Cambridge History of Renaissance Philosophy, ed. C. B. Schmitt, Q. Skinner, E. Kessler, J. Kraye - Cappelli, Guido Maria (2007). El humanismo italiano. Un capítulo de la cultura Europea entre Petrarca y Valla. Madrid: Alianza editorial - Gil Fernández, Luis (1997). Panorama social del humanismo español. Madrid: Tecnos - Rico, Francisco (2002). El sueño del humanismo. De Petrarca a Erasmo. Barcelona: Destino - Rico, Francisco (2007). Esbozo del humanismo Español. Studi Francesi CLIII, pp. 528-533 - Rico, Francisco (2018). Prólogo. Baltasar de Céspedes, Discurso de las letras humanas, llamado «El humanista», ed. de Mercedes Comell - Gómez Moreno, Ángel (1994). España y la Italia de los humanistas. Primeros ecos. Madrid: Gredos <p>Recoméndanse aquí algunhas lecturas introdutorias de carácter xeral que os participantes no curso poden leer antes de comezarmos coas sesións.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías